

VIAJE A TOSCANA

Espazos +60 Afundación

9 a 17 de MAIO 2023

afundacion.org



CIBERVIAJES

//Afundación

Obra Social ABANCA





Un roteiro polas paisaxes e cidades máis pintorescas, que parecen sacadas dun cadro.





VIAXE Á TOSCANA

9 MAI | SANTIAGO - MADRID - FLORENCIA

Recollida dos pasaxeiros nos Espazos +60 e traslado ao aeroporto de Santiago. Trámites de facturación e embarque para saída en voo con destino a Madrid, chegada e asistencia por parte dun guía para realizar un city-tour pola capital madrileña, xantar en restaurante e traslado ao aeroporto para saír cara a Florencia. Traslado ao hotel. Cea e aloxamento.

10 MAI | FLORENCIA: MUSEOS UFFIZI E ACADEMIA

Almorzo. Visita panorámica da cidade con guía local, posiblemente a máis bonita de Italia. Durante a visita pasaremos pola Catedral ou Duomo, Santa María dei Fiori, o Campanille de Giotto, o Baptisterio de San Giovanni, a Igrexa de San Lorenzo, a Piazza della Signoria (centro político e corazón da historia florentina) e a Loggia di Lanzi. Acabaremos a visita xunto ao Ponte Vecchio, á beira do Arno, para coñecer este estratéxico punto comercial, escenario de barbeiros, carniceiros e zapateiros, onde actualmente se pode comprar ouro e prata a bo prezo. Durante o día de hoxe realizaremos a visita a un dos principais museos da cidade, Galería Uffizzi, co fin de coñecer as increíbles obras artísticas que alberga. Xantar. Visita ao Museo da Academia para admirar o famoso David de Miguel Ángel. Resto de tempo libre para pasear polas rúas da encantadora Florencia. Cea e aloxamento.



11 MAI | FLORENCIA - VAL DO CHIANTI - FLORENCIA


Almorzo. Saída para realizar excursión polo Val do Chianti, coas fermosas localidades toscanas de Radda in Chianti e Greve in Chianti onde visitaremos unha bodega da zona con xantar nas súas instalacións e degustación de viño incluída. Regreso a Florencia. Cea e aloxamento.

12 MAI | FLORENCIA - LUCCA - PISA - FLORENCIA

Almorzo e saída cara a Lucca, cidade que presenta ao visitante perspectivas novas e inesperadas: a imponente muralla renacentista que rodea a cidade, as rúas medievais circundadas de torres e elegantes tendas, seguidas de antigas igrexas románicas que se conxugan con grandes prazas e a súa bonita catedral



que visitaremos por dentro. Saída cara a Pisa. Xantar e visita guiada da cidade: comezaremos na praza Manin ata chegar á célebre praza dos Milagros, onde descubriremos o Baptisterio e a Catedral, que teremos oportunidade de visitar. Regreso a Florencia pola tarde. Cea e aloxamento.





13 MAI | FLORENCIA - CINQUE TERRE - FLORENCIA

Almorzo. Saída pola mañá cara a Cinque Terre, un dos lugares máis fermosos de Italia. Este parque natural, declarado pola Unesco Patrimonio da Humanidade, garda nas súas recortadas costas de augas cristalinas, algúns dos burgos mellores conservados do país, coas súas casiñas de cores asomadas ao Mediterráneo: Monterosso, Vernazza, Manarola, Corniglia, Riomaggiore. Descubriremos as espectaculares paisaxes da zona e o encanto dalgunha destas vilas nunha marabillosa travesía en barco que comezará en Riomaggiore e rematará en Monterosso. Xantar. Tempo libre e pola tarde, regreso a Florencia. Cea e aloxamento.

14 MAI | FLORENCIA - SAN GIMIGNANO - VOLTERRA - SIENA

Almorzo e saída cara a San Gimignano, tour de orientación a cargo da guía acompañante e visita da súa catedral. Breve tempo libre para gozar desta preciosa cidade que nos encherá de asombro, pola súa espectacularidade. Xantar. Saída cara a Volterra, visita da cidade con guía local. Situada en plena Toscana, destaca por ser rica nunha das pedras máis esculpidas na rexión xunto co mármore, trátase do alabastro. Na Idade Media xogou un papel relevante nas loitas entre Siena e Florencia e destacan as bonitas murallas que aínda se poden admirar hoxe en día, ademais da súa fortaleza e Catedral, que visitaremos por fóra. Breve tempo libre para coñecer a cidade pola nosa conta. Saída cara a Siena, chegada ao hotel. Cea e aloxamento.

15 MAI | SIENA - AREZZO - SIENA

Almorzo. Pola mañá, visita guiada do centro histórico da cidade, rico en obras de arte e monumentos, pazos e igrexas medievais. Poderemos admirar unha das prazas máis famosas do mundo: Piazza do Campo, onde cada ano se desenvolve o histórico Palio de Siena, carreira de cabalos arredor da praza, visita da Catedral e o Baptisterio. Xantar. Pola tarde, dirixirémonos ata a preciosa cidade medieval de Arezzo, regreso a Siena. Cea e aloxamento.



16 MAI | SIENA - VAL D'ORCIA - SIENA

Almorzo. Excursión de día completo en autobús co noso guía acompañante. Primeira parada en Montepulciano onde a suntuosidade dos edificios renacentistas e a refinada beleza das súas igrexas se mesturan coa antiga tradición do Vino Nobile, símbolo da cidade. Continuación ata a bonita cidade de Pienza. Xantar e saída cara a Montalcino, toda una xoia artística desde a cal admirar a paisaxe do Val D'Orcia, regreso ao hotel de Siena. Cea e aloxamento.

17 MAI | SIENA - FLORENCIA - MADRID - SANTIAGO

Almorzo. Á hora indicada, traslado ao aeroporto de Florencia, trámites de facturación e embarque en voo a Santiago con escala en Madrid. Chegada e traslado aos Espazos +60.

PREZO BASEADO NUN GRUPO DE 45 PASAXEIROS*

En habitación dobre/persoa socia ABANCA: **2450€**

En habitación dobre/persoa socia: **2695€**

Suplemento habitación individual: **465€**
(realízase no último pagamento)

*No caso de cancelación do acompañante ou non atopar unha persoa para compartir habitación, o cliente deberá asumir o custo do suplemento individual.

PRAZOS DE PAGAMENTO

No momento da inscrición: 800 € / persoa

Antes do 21 de marzo: 800 € / persoa

Antes do 21 de abril: 850 € / persoa socia ABANCA;
1095 € / persoa socia + suplemento habitación individual (465 €)

O NOSO PREZO INCLÚE

- Traslados desde os Espazos +60 ao aeroporto de Santiago e viceversa.
- Voos coa compañía Iberia desde Santiago, vía Madrid
- » Santiago - Madrid – Florencia: 9.15-10.30/17.20-19.45
- » Florencia – Madrid – Santiago: 12.05 – 14.30/15.50-17.05
- City tour + xantar en Madrid o primeiro día
- Facturación dunha maleta de 23 kg por persoa + artigo persoal en cabina (bolso/mochila)
- Autocar para o grupo durante todo o percorrido
- Guía acompañante
- Hoteis indicados con almuerzo bufete
- 7 xantares en restaurantes locais, 1 xantar na bodega Castello Verrazzano con viño da propia bodega e 8 ceas nos hoteis ou restaurantes locais
- Bebidas nos xantares (auga, 1 refresco, 1 cervexa ou 1 copa de viño)
- Transporte en autobús climatizado
- Visitas: Siena con guía local e entrada á Catedral, Baptisterio e Campanario, rexión

do Chianti: Radda in Chianti e Greve in Chianti con guía acompañante; Arezzo con guía local e entrada á Catedral; Montalcino, Montepulciano e Pienza con guía local, sen entradas; Volterra con guía local, sen entradas; San Gimignano con guía acompañante e entrada á Catedral; Cinqueterre con guía acompañante, percorrido en tren e en barco; Lucca con guía local e entradas a torre Guinigi e Catedral; Pisa con guía local e entradas a catedral e Baptisterio; Florencia, panorámica con guía local; galería Uffizzi con guía local e entradas; museo da Academia con guía local e entrada; visita da bodega Castello Verrazzano na rexión do Chianti

- Tren turístico en Pisa para desprazamento desde o aparcadoiro
- Audioguía individual
- Seguro de viaxe e de cancelación non reembolsable (60€/pax)

O NOSO PREZO NON INCLÚE

- Propinas e extras de hotel
- Ningún servizo non especificado en «O prezo inclúe»

HOTEIS PREVISTOS OU SIMILARES

Florencia: Hotel Raffaello 4*

Siena: Hotel Executive 4*

CONDICIÓN DE CANCELACIÓN

Ata 60 días antes do comezo da viaxe, non hai gastos de anulación

Entre 59 e 44 días, aplicarase un 15% de penalización

Entre 43 e 30 días, aplicarase un 50% de penalización

Entre 29 e 15 días, aplicarase un 75% de penalización

Entre 14 e 0 días, aplicarase un 100% de penalización

AÉREOS

No momento da confirmación, entregaranse 100€/praza non reembolsables en caso de cancelación

//Afundación

Obra Social ABANCA

Información e reservas
Espazos +60 Afundación
ou Ciberviaxes
981 216 600